

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Aprobación definitiva da ordenanza fiscal nº 27 reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos e utilización do pavillón municipal

ANUNCIO

Aprobación definitiva modificación da ordenanza fiscal núm. 27 reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos e utilización do pavillón municipal

O Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o 29.05.2024 aprobou inicialmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos e utilización do pavillón municipal (núm. 27)

Ao non presentarse alegacións durante o período de exposición ao público queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo.

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro da ordenanza

ORDENANZA FISCAL NÚM. 27 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DEPORTIVOS E UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL

Artigo 1.- Fundamento e obxecto

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por prestacións de servizos deportivos e utilización do pavillón municipal.

Artigo 2.- Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible desta taxa a realización de actividades deportivas e a utilización do pavillón municipal.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación dos servizos deportivos.

Artigo 4.- Cota Tributaria

A cota tributaria consiste na aplicación das seguintes tarifas:

1. Actividades deportivas en idade escolar (menores de 16 anos)

<i>Persoas empadroadas en Vedra ou matriculadas en centros escolares de Vedra</i>	40 €/cuadrimestre
<i>Supostos distintos dos anteriores</i>	80 €/cuadrimestre

2. Actividades deportivas para adultos (dende os 16 anos)

<i>Persoas empadroadas en Vedra ou matriculadas en centros escolares de Vedra</i>	60 €/cuadrimestre
<i>Supostos distintos dos anteriores</i>	120 €/cuadrimestre

3. Ximnasio municipal (dende os 18 anos)

<i>Persoas empadroadas en Vedra</i>	60 €/cuadrimestre
<i>Supostos distintos do anterior</i>	120 €/cuadrimestre

4. Utilización do pavillón municipal

<i>Persoas empadroadas en Vedra</i>	15 €/hora
<i>Supostos distintos do anterior</i>	30 €/hora
<i>Reserva especial para competicións deportivas ou espectáculos non deportivos sen entrada libre</i>	150 €/día

Artigo 5.- Bonificacións

1. Actividades deportivas en idade escolar (menores de 16 anos)

- Bonificación do 50% no 2º irmán.
- Bonificación do 75% no 3º ou máis irmáns
- Bonificación do 50% pola matrícula na segunda ou máis actividades deportivas. Esta bonificación aplicarase, no seu caso, unha vez obtida a taxa bonificada nos puntos a) e b) anteriores.

Artigo 6.- Normas de xestión e recadación

De acordo coas normas e calendario que se aprobe e publique anualmente polo Concello, o pago das taxas periódicas realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación das solicitudes de inscrición. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

O incumprimento da obriga de pago ou devolución do recibo dará lugar á baixa da persoa usuaria no servizo. Non admitiranse inscricións nos servizos aos/as usuarios/as que teñan recibos pendentes.

No suposto da utilización do pavillón municipal, o pagamento da taxa deberá realizarse no momento de realizar a reserva.

Artigo 7.- Infraccións e Sancións

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas a Ordenanza nº 14 reguladora da taxa por servizos culturais e deportivos e a Ordenanza fiscal nº10 reguladora da taxa pola utilización do pavillón municipal.

Disposición Final

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Vedra, 19 de xullo de 2024

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

2024/5223